

CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS (INSS) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O CONTROL DA INCAPACIDADE TEMPORAL DURANTE O PERIODO 2025 A 2028.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde **DECLARA:**

Que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (INSS) e a Comunidade Autónoma de Galicia formalizaron o 26.12.2024 o convenio arriba referido. Este convenio ten unha vixencia que vai dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo do que se establece a efectos de liquidación na cláusula cuarta.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para alcanzar os obxectivos fixados no Plan de Actuacións para a modernización e mellora da xestión, o control da IT e a racionalización do gasto da prestación durante a vixencia deste Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

A Consellería de Sanidade é o máximo órgano encargado da dirección e execución da política en materia sanitaria, exercendo as competencias que legalmente ten atribuídas ao respecto.

O Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, atribúe no artigo 4, á Secretaría Xeral Técnica a función de inspección, que se realizará a través da Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios, que de conformidade ao artigo 9 de dito decreto, exercerá as súas funcións sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias de titulación pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Este mesmo artigo 9, no seu apartado 2 b) establece que lle corresponde a Inspección de Servizos Sanitarios o seguimento do desenvolvemento e execución das actuacións inspectoras en materia de incapacidade laboral.

Dentro da acción protectora do sistema de Seguridade Social, na modalidade contributiva, inclúese a prestación de Incapacidade Temporal para o desempeño da actividade laboral que viñeran realizando os traballadores.

A ambas administracións, Consellería de Sanidade e INSS, interésalles o estudo do comportamento da citada prestación e o establecemento dos controis oportunos sobre a mesma.

A tal efecto, o artigo 82.4 f) do TRLGSS, aprobado por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, contempla a posibilidade de establecer acordos de colaboración para fixar controis en aras dunha xestión eficaz da prestación de Incapacidade Temporal.

O Real Decreto 625/2014, de 18 de xullo, polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días de duración, recolle no seu artigo 10 que a cooperación e coordinación na xestión da incapacidade temporal entre o Instituto Nacional da Seguridade Social, o Instituto Social da Mariña, as Mutuas, os Servizos Públicos de Saúde das comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria instrumentaranse institucionalmente a través de acordos, que poderán ser desenvolvidos mediante convenios específicos.

A finalidade é mellorar a eficacia na xestión e control da IT.

Ao obxecto de efectuar o seguimento das actuacións previstas no convenio, constituirase unha Comisión Central e unha Comisión en cada provincia.

O importe potencial para percibir anualmente polo cumprimento deste obxectivo do Convenio entre o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (INSS) e as Comunidades Autónomas para o control da Incapacidade Temporal durante o período 2025 a 2028 na súa totalidade é de 315.023.458,60 €. A comunidade Autónoma de Galicia participa no dito crédito en proporción ao número de asegurados con dereito á prestación de Incapacidade Temporal no Sistema da Seguridade Social, que teña de media durante o período que transcorre entre o mes de outubro do exercicio anterior e o mes de setembro do exercicio ao que corresponda a liquidación, efectuándose a liquidación do crédito en función do grao de cumprimento da realización de determinadas actuacións de xestión e control da IT, fixadas para cada exercicio económico.

Esta colaboración queda excluída da aplicación da lexislación de contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 6.2 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

